



Pedrayo na construción dunha novela nacional

Aquel Don Ramón!. A articulación do discurso nacionalista de Otero Pedrayo é o cerne da recente entrega 'A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo' que asina a profesora Carme Fernández Pérez-Sanjulián na colección campus de Edicións A Nosa Terra. Trala revisión crítica da obra do patriarca das letras e os elementos ficcionais que o autor utilizou para a creación dunha novela nacional, esta especialista na figura de Pedrayo dá proba de "como os textos narrativos oterianos se corresponden cun obxectivo político que non é outro que o de substantivar a nación e traladar esa idea, pola vía das novelas, a un público máis amplo que as reducidas elites que participaron no proxecto de reivindicación de Galicia até daquela". O xeito en que se concretizaron nas obras do autor de Trasalba aquelas ideas, mitos, temas ou mesmo propostas ideolóxicas que as elites culturais do seu tempo –das que Pedrayo foi un perfecto representante– pretenderon consolidar como referentes da nosa identidade colectiva é obxecto desta entrega na que se volve a "comunidade imaxinada", a paisaxe como valor identitario, ó celtismo, atlántismo e europeísmo ou as relacións persoais alegóricas, como a rexeneración pola unión coas clases populares. Sanjulián entra en Otero Pedrayo: auténtico guieiro e símbolo